

# LIEBER GEIST

IRENE CRUZ

Din que é imposible amar sen sentir saudade, o vicio de desexar, de ver, que ninguén pode realmente ansiar o que xa ten. Se ben é certo que o amor únenos ó outro, máis do que perdura, sempre e cando sintamos que non alcanzámola súa cume. O amor entón vóltase a imaxe da súa ausencia, a presenza dunha pantasma que nos acompaña.

Din que as pantasmas existen e fican porque aínda teñen as súas feridas abertas, e por iso non poden folgar, aí, almas en tristura. Os espíritos habitan no plan liminal, entre o vivo e o morto, entre o que xa existe e o que xa non, entre o medo e a tranquilidade do cotiá, entre a posibilidade e a nada.

A idea da "alma", de "pantasma", existiu sempre en tódalas culturas, relixións e mitoloxías, como ecos ectoplásmicos dos vivos. Interesoume especialmente una teoría centroafricá, bastante descoñecida, que distingue ós "Sasha" dos "Zamani"; Para eles existen tres tipos de persoas, os vivos, os mortos (Zamani), e os que xa non están (Sasha). Estes derradeiros non conservan a súa vida biolóxica, pero seguen a existir dalgunha maneira, dentro dalgúen que conviviu con esa persoa, é dicir, unha alma non morre de todo, se tivo contacto con outro que aínda vive, e que a lembra, porque a súa enerxía atópase dentro do seu ser. Zamani, nembargantes, son chamados aqueles cos que xa ninguén tivo a experiencia de convivir. Non son fases da morte. Son as dúas etapas ontolóxicas (ou dimensionais) da historia da cultura Swahili.

A orixe deste traballo radica en querer aprender a convivir co consolo do abandono. Neste monte, quero detela lembranza daquelo que se perde. A fotografía, nese sentido, non me une ó mundo senón que me ailla, revélame a miña dor, a desolazón, a tristura melancólica dende onde nace de novo o maior e máis fermoso desexo de revivir toda aquela felicidade pasada. A evocación da pantasma atópase no inasible, pois nin a neboeira azul, nin a voz do inverno perduran. Por tal razón, só me queda a saudade como unha posibilidade do encontro.

Amo a súa transitoriedade tanto como amo a miña hora azul, esa dissipación do día na noite, da súa lembranza no tempo que, nembargantes, nunca se troca nun comprobante baleiro, pois a piques está de desaparecer e novamente móstrase pero dun xeito inalcanzable, nun fluxo contínuo e incesante.

Os corpos fúndense coma a pantasma que vive dentro dun mesmo, cando se ama ó que se foi, ó que xa non está. A idea do movemento lévame a pensar naquelo que xurde, pero non se trata do movemento pensado, fixo no seu obxectivo, senón do movemento sen curso, creando, desta maneira, certo sentimento de anguria e de intensa atracción cara o ser que se nos vai

No monte, coberto de follas emancipadas da árbore do pasado outono; a terra, cuberta dunha saturación da ausencia, que agora sente as pólas espidas de onde caeron, deixándoas coa esperanza de que volten a medrar nos primeiros intres da primaveira.

A penúltima fotografía do baile en harmonía, como unha síntese perfecta, mostra a reunión da presenza e ausencia, do tanxible e o intanxible, do preto e o afastado. O ser humano desexa dende o máis profundo do seu ser, ese alimento inasible, que dende a morte dos seus sentidos o fai vivir eternamente. O temporal que denotan as imaxes está baseado na súa ausencia. Esta fainos vivilo amor coma un agardo, coma un desexo de que chegue o perdido e nos ubique neste mundo.

O perdurable e o que verdadeiramente amamos é a ausencia presente, aquelas cousas que endexamáis tivemos e que por isto mesmo se deixaron estar connosco .Ó fin de contas, o amor é, e sempre foi, sen cesar, "ein lieber Geist".

Irene Cruz

*Lieber Geist,*

*cando o solpor azul anega todo de saudade, nesta hora na que está agardando para comezar de novo, eu xa estou dándole voltas á deriva do meu mundo. Doe o que foi pasado, porta ferida de luz que non cicatriza, a queixume dunha pantasma que nunca se vai.*

*É preciso moverse silandeirol se non se quere espertala ausencia presente circundante e inaprensible. A vida obstínase en seguir avanzando, cando para min, todo se detivo de forma abrupta. Este mundo é implacable, flúe á présa e sen alento obrígame a seguir respirando e latexando aínda mentres sinto morriña do que foi fogar.*